



## Premio á investigación para Terras Gauda

José María Fonseca, presidente da bodega Terras Gauda, recibiu onte na Real Academia Galega de Ciencias o Premio Investigación 2009 polo «Estudio para a mellora da calidade do viño Albariño», desenvolto en colaboración co Instituto de Fermentacións Industriales e a Misión Biolóxica de Galicia, do CSIC.

## A mostra fotográfica «En Camino» será inaugurada mañá na cidade de Segovia

ABC SANTIAGO. A mostra audiovisual itinerante «En Camino» será inaugurada mañá na Sala de Exposicións da Cámara de Comercio da cidade castelá de Segovia, onde remata o seu periplo pola xeografía española. A exposición é promovida pola Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo (Conseillería de Cultura e Turismo), en colaboración coa Asociación de Cámaras de Comercio dos Camiños Xacobeos.

A exposición consiste nun-

ha secuencia de 28 fotografías sobre as peregrinacións xacobeas, particularmente dos camiños Francés e de Fisterra, e outra complementaria de Santiago como meta das peregrinacións. As pezas van montadas en caixas de luz, co que se consigue un efecto orixinal e unha atmosfera realmente suxestiva. A exposición permanecerá en Segovia ata o día 29, poñendo fin á itinerancia que a levou antes a Murcia, Briviesca, Toledo, Valladolid e Girona.

Fin de ciclo na Real Academia Galega

## A RAG terá novo presidente antes de que finalice o ano

O actual responsable da institución cre que non sería ético reformar os estatutos para poder concorrer a unha posible reelección

R. S. C.

SANTIAGO. O presidente da Real Academia Galega (RAG), Xosé Ramón Barreiro, anunciou onte que a institución terá novo mandatario antes de final de ano, ao tempo que confirmou que non se presentará á reelección do cargo «nin aínda que se cambiasen os estatutos».

Así o apuntou diante dos medios durante a presentación do congreso en homenaxe a Ramón Piñeiro, que terá lugar dende mañá e ata o próximo día 20 en Santiago de Compostela. Ademais, advertiu que non apoiará persoalmente ningún dos candidatos que se presenten.

«Hai que acostumarse a que as institucións se renoven», comentou Barreiro, quen insistiu en que «eticamente» non vería con bos ollos unha reforma dos estatutos para poder continuar. «Non hai ningún outro motivo para a miña marcha», sinalou non obstante.

Preguntado por se marcha satisfeito co labor realizado durante os últimos oito anos á fronte da RAG, Xosé Ramón Barreiro indicou que «se fixo un bo traballo». O aínda presidente da Real Academia Galega referiuse ao congreso co



Barreiro, en imaxe de arquivo ABC

«Temos que acostumarnos a que as institucións se renoven», asegura Barreiro Fernández

que a institución homenaxeará a Ramón Piñeiro como un acto «obrigatorio», ante un intelectual que, na súa opinión, merece «este congreso e moitos máis». Na mesma liña mostrouse o membro do comité

científico encargado da organización do evento, Xosé Luis Axeitos, quen non dubidou en afirmar que Ramón Piñeiro é unha figura «fundamental» pola súa influencia na «actual concepción de Galicia».

Barreiro Fernández é doutor en Dereito Canónico pola Universidade Gregoriana de Roma, licenciado en Filosofía e Letras e doutor en Historia pola Universidade de Santiago. Na súa traxectoria no ensino exerceu como catedrático de Historia Contemporánea de Galicia na universidade compostelana, da que foi decano da Facultade de Xeografía e Historia. O 20 de decembro do ano 2001, Barreiro substituíu a Francisco Fernández del Riego na presidencia da Real Academia Galega. Dentro da súa produción académica, destacan no campo xurídico «El origen litúrgico del Derecho Canónico» e «La estabilidad del beneficio». No tocante á temática histórica, é autor, entre outros títulos, de «El carlismo gallego» (1976); «Historia contemporánea de Galicia» (1982); «Liberales y absolutistas en Galicia (1808-1833)»; e «Historia da Universidade de Santiago de Compostela» (1998-2002). Tamén foi coordinador de «A gran historia de Galicia» (2007).

Entre os premios que ten recibido están o Premio da Crítica de 1982, ou o Premio Televisión Española en Galicia (1988).

### FARMACIAS: SERVICIOS DE GUARDIA

#### A CORUÑA

Servicio Diurno (de 9:30 a 22 horas): Plaza de Pontevedra, 13; Avda. Fernández Latorre, 53; Torre, 54; Paseo de los Puentes, 10; Vila de Negreira, 42; San Nicolás, 17; Manuel Azaña, 21; Rafael Báñez, 14; Ronda de Outeiro, 261; Riego de Agua, 48; Juan Flórez, 113-115; Avenida del Pasaje - Carretera del Burgo, 31; Real, 92.  
Servicio Nocturno (de 9:30 a 22 horas): Torre, 54; Avda. del Pasaje-Carretera del Burgo, 31; Santa Gema, 3;

Cabo Santiago Gómez, 9.

#### SANTIAGO

Servicio Diurno (de 9:30 a 22 horas): Toural, 11; San Pedro de Mezonzo, 34; Santa Marta de Arriba, 4-6; Frei Rosendo Salvado, 18; Castiñeirío, 12; Galeras, 14; Porta Faxeira, 1; Restollal, 47; Rúa de Madrid, 12; Galeras, 9; Cantón do Toural, 1; Avda. Rep. Arxentina, 43.  
Servicio Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Cantón do Toural, 11; Rúa de Madrid, 12; Avenida República Arxentina, 43.

#### FERROL

Servicio Diurno: Carretera de Castilla, 23 (zona Madrid-París); Real, 94 y 165; Galiano, 71.  
Servicio Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Carretera de Castilla, 23; Fonte da Greza, 9-11.

#### PONTEVEDRA

Servicio Diurno (de 9:30 a 22 horas): Plaza Curros Enríquez, 9; Plaza de España, 1; Víctor Said Armesto, 2.  
Servicio Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Plaza de España, 1; Loureiro Crespo, 67.

#### VIGO

Servicio Diurno (de 9:30 a 22 horas): Pablo Iglesias, 2 (Balaídos); Avda. O Grove, 2, portal 3 (Coia); Avda. Flórida, 5; Sanjurjo Badía, 192; Venezuela, 54.  
Servicio Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Ronda Don Bosco, 3; Urzáiz, 176; Avenida de la Florida, 5.

#### LUGO

Servicio Diurno (de 9:30 a 22:30 horas): Santo Domingo, 2; Muralla, 1; Coruña, 299; Camiño Real, 19; San Pedro, 2.

Servicio Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Aquilino Iglesias Alvariño, 1; Ramón Ferrero, 3; Plaza Ramón Falcón, 1.

#### OURENSE

Servicio Diurno (de 9:30 a 22 horas): Curros Enríquez, 10; Avda. Buenos Aires, 4; Santo Domingo, 86 (Parque San Lázaro); Rúa do Progreso, 153; Marcelo Macías, 75; Avda. Santiago, 20; Avda. Zamora, 124.  
Servicio Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Rúa do Progreso, 153; Reza, 1.